

Boletín Oficial

DE LA PROVINCIA DE LUGO

<http://www.diputacionlugo.org/>

PRECIOS DE SUSCRIPCION	ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES
Al año.....36,06 €	Por cada palabra o números.....0,15 €
Al semestre.....24,04 €	- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.
Más gastos de envío	- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.	- Importe mínimo de publicación.....6 €
VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS	
Por ejemplar de hasta 8 páginas.....0,60 €	
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas.....0,90 €	
Por ejemplar de más de 12 páginas.....1,35 €	
LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE	SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS
	Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)
	Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."

AYUNTAMIENTOS

LÁNCARA

El Pleno del Ayuntamiento de Láncara, en sesión celebrada el día 31 de julio de 2008, acordó ceder al Ministerio del Interior y para la construcción de un cuartel de la Guardia Civil en Puebla de San Julián, 3.145 metros cuadrados en el límite superior del Campo de la Feria de propiedad municipal, estando el expediente para quien lo quiera examina en las oficinas municipales.

Lo que se hace público por el plazo de quince días hábiles, al objeto de posibles reclamaciones.

Puebla de San Julián (Láncara), a 20 de octubre de 2008.- EL ALCALDE, Darío A. Piñeiro López.

R. 05355

MEIRA

Anuncio

Por acuerdo plenario de data de 5 de setembro de 2008, aprobouse provisionalmente o Regulamento da Escola e Banda Municipais de Música do Concello de Meira e, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

REGULAMENTO DA ESCOLA E BANDA MUNICIPALIS DE MÚSICA

CONCELLO DE MEIRA

EXPOSICION DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local sinala no seu artigo 28 que os concellos poden realizar actividades complementarias das de outras Administracións Públicas e, en especial, as relativas a educación e cultura; no mesmo senso se pronuncia o artigo 86 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, ó determinar que para a xestión dos seus intereses e unha vez que se garanta a prestación dos servizos mínimos, o Concello tamén poderá exercer actividades complementarias ás propias de outras Administracións Públicas e en particular as relativas a educación, a cultura, a xuventude e o deporte.

Para a prestación destes servizos e realización de tales actividades, os concellos poderán exercer as potestades de execución que non estean atribuídas pola lexislación a outras Administracións, incluíndo a de ditar regulamentos internos de organización dos servizos correspondentes.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) dispón no seu artigo 48 que con independencia do establecido en apartados anteriores, poderán cursarse estudos de música ou danza que non conduzan á obtención de títulos con validez académica ou profesional en escolas específicas, con organización e estrutura diferentes e sen límite de idade. Estas escolas serán reguladas polas administracións educativas.

Con amparo no artigo 39.5 da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, substituído polo xa indicado 48 LOE, ditouse a Orden de 11 de marzo de 1993, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Concello de Meira é titular dunha Escola Municipal de Música inscrita no rexistro da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo dispón a Orde de 11 de marzo de 1993.

A Escola Municipal é un centro adicado á ensinanza da música, aberto tanto a nenos como a adultos, que ten por finalidade a formación dos alumnos con independencia da súa vocación profesional.

Sendo precisa a regulación do funcionamento e organización da Escola, tendo en conta as disposicións normativas apuntadas e o previsto na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de 29 de outubro de 1996, tendo en conta a lexislación aplicable referida na Resolución de 5 de outubro de 2007 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, preséntase este Regulamento composto de 41 artigos, 3 Disposicións Adicionais, 3 Disposicións Transitorias e 1 Disposición Final.

TÍTULO PRELIMINAR

CAPÍTULO I

NATUREZA, FINS E ORGANIZACIÓN

Artigo 1. Obxecto e ámbito.

1. O presente Regulamento ten por obxecto regular o réxime xeral da organización e funcionamento da Escola Municipal de Música e da Banda Municipal, ó amparo do establecido no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

2. A Escola denominarase: "Escola Municipal de Música de Meira" e a Banda: "Banda Municipal de Meira".

Artigo 2. Fins.

A Escola Municipal de Música (en adiante Escola) e a Banda Municipal (en adiante Banda) teñen como finalidade o impulso da cultura musical, promovendo o coñecemento e apreciación da música mediante a ensinanza musical, a práctica instrumental e a participación en agrupacións vocais e instrumentais.

Artigo 3. Organización.

Para a consecución dos fins establecidos no artigo anterior, baixo a superior autoridade do Alcalde ou concelleiro en quen delegue, rexerán a Escola e banda Municipais os seguintes órganos:

1. Comúns á Escola e Banda:

- a) Unipersoal, o concelleiro delegado.
- b) Pluripersoais, o Consello Escolar e Claustro de Profesores.

2. Da Escola:

Unipersoais: Director, Xefe de Estudos e Secretario, que poderán desempeñar tarefas docentes.

3. Da Banda:

Unipersoal, o Director da Banda, quen poderá desempeñar tarefas docentes na escola.

TÍTULO I

DISPOSICIONS COMUNS

CAPÍTULO I

DO CONCELEIRO DELEGADO

Artigo 4. concelleiro delegado.

A Alcaldía poderá delegar nun concelleiro as competencias relativas á Escola e Banda, nos termos que se indiquen na correspondente Resolución.

Artigo 5. Facultades.

En todo caso serán facultades do concelleiro delegado:

- a) Promover intercambios musicais con outros concellos e entidades.
- b) Elevar, a proposta do Director da Banda, á Xunta de Goberno Local o número dos participantes da Banda, así como as súas modificacións, para a súa aprobación.
- c) Propoñer á Alcaldía a autorización de contratos de actuacións da Banda.
- d) Elevar á Alcaldía, a proposta do Director da Escola, a matrícula (número de prazas) para a súa aprobación.
- e) Todas aquelas que lle sexan atribuídas por resolución da Alcaldía e/ou as normas de réxime interior.

CAPÍTULO II

DO DIRECTOR DA ESCOLA

Artigo 6. Corresponden ao Director da Escola as seguintes funcións:

- a) Representar académicamente á Escola Municipal de Música.
- b) Cumprir e facer cumprir a Lei e demais disposicións vixentes.
- c) Exercer o control de todo o persoal adscrito ao Centro.
- d) Dirixir e coordinar todas as actividades da Escola, sen prexuízo dos restantes órganos superiores de goberno.
- e) Elaborar os informes relativos ás solicitudes de cambio de especialidade instrumental e solicitudes de nova admisión, presentados polos alumnos previa consulta co profesorado.
- f) Elaborar o proxecto educativo e a programación anual da Escola, de acordo cas propostas formuladas polo Claustro.
- g) Convocar e presidir os actos e actividades académicas

h) Promover e impulsar as relacións da escola coas institucións do seu entorno e facilitar a adecuada coordinación con outros servizos formativos da zona.

i) Elevar ás autoridades competentes a memoria anual sobre as actividades e situación xeneral da Escola.

j) Facilitar a información que lle sexa requirida polas autoridades educativas competentes sobre calquera aspecto referente á Escola Municipal de Música.

k) Favorecer a convivencia do alumnado na Escola e garantir o procedemento para impoñer as correccións que correspondan, de acordo coas disposicións deste regulamento e das normas de réxime interior, a normativa vixente de aplicación e os criterios fixados polas autoridades competentes.

l) Informar, de ser o caso, á Asociación de Pais de Alumnos da Escola Municipal de Música sobre todas as actividades que se realicen, así como ter en conta as súas opinións e criterios.

m) Autorizar aos alumnos a utilización das instalacións da Escola.

CAPÍTULO III

DO CONSELLO ESCOLAR

Artigo 7. O Consello Escolar.

O Consello Escolar é un órgano de participación e decisión da Escola e da Banda.

Artigo 8. Composición.

O Consello Escolar estará integrado polos seguintes membros:

- O Director da Escola, que será o seu Presidente.
- Un concelleiro ou representante do Concello de Meira elixido polo Pleno.
- Dous profesores elixidos polo Claustro. Designando ó Director a un deles que actuará como Secretario, con voz e voto no Consello Escolar.
- Un representante dos pais de alumnos.
- Un membro da Banda Municipal.
- Un alumno, elixido entre os alumnos de 14 ou máis anos de idade.
- Un alumno, con voz pero sen voto, elixido entre os alumnos menores de 14 anos.

2. A elección dos representantes dos alumnos, pais/nais e membros da Banda, regularase nas Normas de Réximen Interior e na propia convocatoria, de conformidade co disposto na Orde de 29 de outubro de 1996.

Artigo 9. Atribucións.

1. As funcións do Consello Escolar serán as seguintes:

a) Establecer as directrices e elaborar propostas para a elaboración do proxecto educativo da Escola,

aproballo, avalialo e, no seu caso, introducir modificacións, sen prexuízo das competencias do claustro de profesores en materia de planificación e organización docente.

b) Elixir ó director do centro.

c) Propoñer a revogación do nomeamento de director, tras acordo dos seus membros adoptado por maioría de dous terzos.

d) Elaborar, aprobar e propoñer a aprobación e modificacións do regulamento de réxime interior.

e) Resolver os conflitos e impoñer correccións con finalidade pedagóxica que correspondan a aquelas condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia na Escola.

f) Propoñer á Alcaldía o proxecto de presuposto da Escola.

g) Aprobar e avaliar a programación xeneral anual, respectando en todo caso os aspectos docentes que corresponde ao Claustro, así como aprobar a programación de actividades escolares complementarias.

h) Establecer as directrices para a participación da Escola en actividades culturais e de calquera tipo.

i) Establecer os criterios de colaboración con outros centros, entidades e organismos.

j) Analizar e valorar o funcionamento xeneral da Escola, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que realice da Escola a Administración educativa.

2. Distribuír os instrumentos entre os alumnos da Escola en función da dispoñibilidade destes, a proposta do Director da Escola, nos términos que se establezan nas normas de réxime interior.

3. Todas aquelas outras funcións que lle atribúan as normas de réxime interior.

Artigo 10. Réxime de sesións.

1. O Consello Escolar reunirse con carácter ordinario en tres ocasións ao ano, nos meses de: xaneiro/febreiro, xuño/xullo e setembro.

2. Con carácter extraordinario reunirse cando o considere oportuno o Presidente ou o soliciten tres membros do mesmo, sinalando os asuntos a tratar, debendo neste último caso o Presidente convocar a sesión nos sete días naturais seguintes, non podendo pospoñer a súa celebración máis aló dese prazo.

Artigo 11. Convocatoria das sesións.

O Presidente convocará as reunións con ao menos dous días naturais de antelación, mediante certificado con acuse de recibo, na dirección facilitada por cada membro do Consello Escolar, con unha Orde do Día no que constarán os asuntos a tratar, a aprobación da acta da reunión anterior, rogos e preguntas.

CAPÍTULO IV

DO PROFESORADO E CLAUSTRO DE PROFESORES

Artigo 12. Do profesorado.

1.- O profesorado da Escola deberá estar en posesión da titulación correspondente.

2.- Son deberes do profesorado, entre outros, os seguintes:

a) Cumprir coas normas éticas que esixe a súa función educativa.

b) Colaborar coa dirección da escola no mantemento da convivencia académica.

c) Colaborar nas actividades extraescolares.

d) Asegurar de modo permanente o seu propio perfeccionamento musical, técnico e pedagóxico.

e) Recuperar, sen alterar o normal funcionamento da Escola, aquelas clases que fose necesario cambiar por motivos persoais do profesor, sempre con autorización do Director.

f) Avaliar ós alumnos ó seu cargo.

Artigo 13. Do Claustro de Profesores.

O Claustro de Profesores estará composto por todos os profesores que impartan cada unha das materias durante o curso escolar.

O Claustro reunirse con carácter ordinario unha vez ao trimestre, así como con carácter extraordinario sempre que o solicite a Dirección da Escola ou ben un terzo dos seus membros por escrito dirixido ao Director.

A convocatoria ordinaria deberá facerse con unha antelación mínima de sete días e a extraordinaria de 48 horas.

A asistencia ao Claustro é obrigatoria para todos os seus membros, debendo xustificarse calquera ausencia.

Artigo 14. Competencias do Claustro de Profesores.

a) Formular á Dirección propostas para a elaboración dos proxectos da Escola.

b) Aprobar e avaliar os proxectos curriculares e os aspectos docentes, conforme ao proxecto educativo da Escola e a súa programación xeneral.

c) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e investigación pedagóxica e na formación do profesorado da Escola.

d) Coordinar as funcións relativas á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos.

e) Analizar os resultados da avaliación da Escola que realice a Administración educativa ou calquera informe relativo á marcha da mesma.

f) Informar as solicitudes de alumnos da Escola para participar na Banda.

Artigo 15. Funcións do Xefe de Estudos.

Serán funcións do Xefe de Estudos:

a) Velar polo cumprimento do proxecto educativo e programación anual da Escola a nivel pedagóxico.

b) Reunir ós profesores e pedirles informe sobre a marcha do curso.

c) Controlar a asistencia do alumnado.

d) Programar os concertos dos alumnos.

e) Coordinación das actividades complementarias e extraescolares e intercambio de experiencias.

f) Cantas outras lle outorguen as normas de réxime interior.

Artigo 16. Funcións do Secretario.

Serán funcións do Secretario:

a) Xestionar os medios materiais da Escola e propoñer ao concelleiro delegado a adquisición dos que se consideren necesarios de acordo co presuposto da Escola e consultados os restantes órganos de goberno da mesma.

b) Visar as certificacións e documentos oficiais da Escola.

c) Calquera outra que lle veña atribuída pola lexislación vixente e polas normas de réxime interior.

CAPITULO V

DOS ORGANOS AUXILIARES

Artigo 17. A Escola Municipal de Música poderá dotarse dos seguintes órganos auxiliares.

1.- Departamentos didácticos. Constituirán órganos de orientación das diferentes materias e terán por finalidade elaborar o deseño curricular das materias correspondentes ós diferentes ciclos e niveis, así como seleccionar e adoptar novos métodos e técnicas de aprendizaxe.

2.- Comisión de Coordinación Pedagóxica. Terá por finalidade establecer relacións con outros departamentos similares.

3.- Órganos tutoriais da Escola. Os profesores, en calidade de tutores, realizará accións de información e asesoramento de pais e alumnos.

As tutorías terán lugar os días que estableza a Dirección da Escola.

TITULO II

DO RÉXIMEN DO ALUMNADO

Artigo 18. Dereitos e deberes do alumnado.

Os dereitos e deberes do alumnado, así como a súa avaliación estableceranse de forma concreta nas normas de réxime interior que se elaboren polo Consello Escolar.

Artigo 19. Taxas.

As taxas serán aprobadas polo Concello de Meira a

través da correspondente ordenanza fiscal, actualizadas ou modificadas anualmente si fose necesario. O pago realizarase nos prazos e forma determinados en dita ordenanza.

CAPITULO II

DAS INFRACCIÓNS E AS SÚAS SANCIÓNS

Artigo 20. Réxime disciplinario.

O réxime disciplinario dos alumnos da Escola e dos participantes da Banda rexeráse polo disposto no presente Regulamento e nas normas de réxime interior elaboradas polo Consello Escolar, axustándose, en todo caso, aos principios de presunción de inocencia, información da acusación e audiencia ao interesado.

Artigo 21. Cualificación das faltas ou infraccións.

As faltas cometidas polos alumnos da Escola e dos participantes da Banda poderán ser leves, graves e moi graves, segundo o que se estableza nas normas de réxime interior, que tamén determinarán a sanción a aplicar, sen prexuízo da reparación do dano causado nas instalacións, mobles ou bens e as responsabilidades doutra índole en que puideran incurrir.

Artigo 22. Graduación das sancións.

Para graduar as sancións, ademais das faltas obxectivas cometidas, terase en conta de acordo co principio de proporcionalidade:

- a) A intencionalidade.
- b) A perturbación ocasionada.
- c) Os danos e prexuízos producidos ao Concello na Escola de música.
- d) A reincidencia.
- e) O grado de participación na comisión ou omisión.

CAPITULO III

DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR E A EXTINCIÓN DE RESPONSABILIDADE DISCIPLINARIA

Artigo 23. Responsabilidade.

A responsabilidade disciplinaria extínguese polo cumprimento da sanción ou prescrición da falta o da sanción.

Artigo 24. Prescrición das faltas.

1. As faltas prescribirán nos seguintes períodos, a contar dende a data en que se tiveran cometido:

- a) As faltas leves, ós tres meses.
- b) As faltas graves, ós seis meses.
- c) As faltas moi graves, ó ano, coincidente co curso escolar.

2. A prescrición quedará interrompida pola incoación do expediente, sempre que éste non caduque, establecéndose como prazo de caducidade o de seis meses.

Artigo 25. Prescrición das sancións.

As sancións por faltas leves prescribirán ós tres meses, as impostas por faltas graves ó ano, e as moi graves ó ano, coincidente co curso escolar; comezando a contar o prazo de prescrición dende o día seguinte a aquél en el que adquira forza a resolución pola que se impón a sanción.

Artigo 26. Procedemento.

A tramitación do expediente sancionador axustarase ao disposto polo Real Decreto 1.398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, sendo de aplicación o procedemento simplificado para todas as faltas leves.

TÍTULO III

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO

CAPÍTULO I

DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA

Artigo 27. Períodos de matrícula e condicións.

1. Existirán os dous períodos de matriculación seguintes:

a) Para os alumnos que xa cursan estudos na Escola, abrirase un período de matriculación dentro da primeira quincena do mes de xullo. Os solicitantes deberán cumprir os requisitos que se establezan.

b) As prazas que non se cubran no período indicado no parágrafo anterior serán obxecto dunha segunda convocatoria dirixida a aquelas persoas que desexen ingresar na Escola. A estes efectos abrirase outro período de matriculación dentro da primeira quincena do mes de setembro.

2. Os períodos de matrícula indicados no punto anterior terán unha duración mínima de quince días naturais.

3. No suposto de existir máis solicitudes que vacantes estarase, con carácter xeneral, ao criterio de empareamento e residencia efectiva no Concello de Meira e, no seu caso, ao de orde de presentación das mesmas.

Artigo 28. Clases.

1. Os horarios das clases, serán aprobados anualmente pola Alcaldía, a proposta do Director da Escola, previo informe do Consello Escolar.

2. A duración das clases virá establecida no Documento de Organización do Centro.

CAPÍTULO II

DA BANDA MUNICIPAL DE MUSICA

Artigo 29. Natureza.

Constítuese a Banda Municipal de Meira que ten por obxecto a creación dun colectivo de afeccionados á cultura musical coordinado orgánicamente dende o propio Concello e de carácter altruísta.

Artigo 30. Organización.

Con independencia das facultades propias do concelleiro delegado, a Banda terá como principal órgano de xestión e dirección ao Director da mesma. Colaborarán coa Dirección un alumno maior de 18 anos e un pai dos alumnos menores de 18 anos, elixidos por e de entre eles, no desenvolvemento das funcións establecidas nos apartados e) e f) do artigo 32.

Artigo 31. O Director.

1. O Director da Banda será nomeado pola Xunta de Goberno do Concello a proposta do concelleiro delegado, oído o Consello Escolar, de entre os profesores da Escola de Música Municipal.

Excepcionalmente poderá ser nomeado atendendo ós seus méritos profesionais calquera outro titulado que non teña a condición de profesor da Escola Municipal.

2. O mandato do Director non terá prazo determinado e podrá ser cesado mediante resolución motivada polo órgano que lo nomeou, seguíndose o mesmo procedemento que para o nomeamento.

Artigo 32. Funcións do Director.

Serán funcións do Director:

a) A dirección técnica e artística da Banda, de conformidade coa programación anual de actividades.

b) Elaborar o proxecto de programación anual de actividades da Banda e a memoria anual de actividades para elevala ao Consello Escolar e que este emita informe para a súa presentación ao Concello.

c) Avaliar a cualificación dos candidatos a participar na Banda.

d) O establecemento do réxime de ensaios, oído o Consello Escolar.

e) A organización das actuacións.

f) Manter actualizado o inventario do instrumental, partituras e mobiliario que a Banda teña adscrito.

g) Expulsar participantes da Banda de forma cautelosa, se a gravidade dos feitos imputados así o requirise, dando conta de forma inmediata ó concelleiro delegado e ó Consello Escolar.

h) Cantas lle sexan encomendadas polo presente Regulamento ou polas normas de réxime Interior.

Artigo 33. Participación.

1. Poderán participar como membros da Banda Municipal todos aqueles solicitantes que, contando coa idoneidade suficiente, sexan aprobados polo Director, previa a oportuna convocatoria, oído o Claustro de profesores.

2. A relación dos participantes co municipio enténdese como prestación gratuíta, desinteresada e desprovisita de todo carácter laboral ou administrativo, estando baseada unicamente nos motivos que se recollen no artigo 35 do presente Regulamento, non tendo dereito a reclamar ao Concello retribución nin premio algún, salvo o establecido no número seguinte do presente artigo.

3. O Concello facilitará aos participantes na Banda o uniforme e instrumental, de acordo co establecido nas normas de réxime interior, correrá cos gastos que se ocasionen polos desprazamentos con motivo de intercambios culturais, así como os de transporte para asistir ás actuacións que o requiriran; todo elo, por un importe anual nunca inferior á contía obtida polo Concello en concepto de contratos por actuacións.

Artigo 34. Perda da condición de participante.

A perda da condición de participante na Banda Municipal prodúcese:

a) Voluntariamente. Neste caso, deberá comunicarse o feito por escrito dirixido ao Director da Banda, quen procederá a cursar a baixa.

b) Por expulsión definitiva.

c) Pola desaparición das circunstancias de dispoñibilidade ou idoneidade que posibilitaron a participación na Banda, cando a xuízo do Director prexudiquen o normal desenrolo das actividades da mesma. Esta circunstancia terá que ser acordada pola Xunta de Goberno, oído o Consello Escolar.

Artigo 35. Formación musical complementaria.

O Concello procurará que os participantes da Banda Municipal teñan acceso a unha formación continuada que facilite o perfeccionamento dos seus coñecementos musicais, para o que poderá autorizar mediante Resolución da Alcaldía unha axuda económica para a súa participación en actividades complementarias.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

Primeira. As taxas que deban abonar os alumnos da Escola Municipal de Música regularanse mediante a ordenanza fiscal correspondente.

Segunda. O Pleno Municipal aprobará o prezo público dos contratos que cobrará o Concello polas actuacións da Banda, mediante a oportuna ordenanza fiscal, para cuxo cálculo se terán en conta os gastos que supoña o funcionamento da mesma.

Terceira. O previsto no capítulo II do Título III, en canto organización, dirección e funcionamento para a Banda de Música Municipal será de aplicación analóxica para o caso de que se constitúan outros conxuntos musicais distintos, como a banda municipal de gaitas.

Cuarta. O Director da Escola, o Xefe de Estudos, o Secretario e o Director da Banda de Música (ou de outras que podan crearse) poderán percibir un complemento retributivo polo desempeño destes cargos.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas todas as disposicións regulamentarias relativas á Escola de Música anteriores, en canto se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles con esta normativa.

DISPOSICIÓN FINAL

Única. O presente Regulamento entrará en vigor ao

día seguinte da súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Meira, a 22 de outubro de 2008.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 05361

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio de adjudicación definitiva de contrato

En cumprimento do disposto na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adjudicación definitiva do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adjudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Negueira de Muñiz.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaria do Concello.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Obras

b) Descrición do obxecto: Contratación da obra "adecuación praza pública de Negueira de Muñiz"

3.- Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

a) Tramitación: Ordinaria

b) Procedemento: Negociado

4.- Tipo de licitación:

a) Orzamento máximo do contrato: 75.565,00 euros máis a cantidade de 12.090,40 euros, en concepto de IVE. Obra cofinanciada con fondos FEDER.

5.- Adjudicación definitiva:

a) Contratista: CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA, S.L

b) Nacionalidade: Española

c) Orzamento máximo do contrato: 75.565,00 euros máis a cantidade de 12.090,40 euros, en concepto de IVE. Obra cofinanciada con fondos FEDER.

Negueira de Muñiz, 14 de outubro de 2008.- Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 05364

OUTEIRO DE REI

En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e unha vez finalizado o período de información pública sin que se houbera producido alegación algunha, procede elevar a definitivo o acordo de aprobación provisional adoptado na sesión plenaria de 29 de agosto de 2008, polo que se aproba o proxecto de disposición de

creación de ficheiros de datos de carácter persoal relacionados coa xestión do Padrón Municipal de Habitantes, sendo o seu texto íntegro o que segue:

"REGLAMENTO DE CREACIÓN DEL FICHEROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL RELACIONADOS CON LA GESTIÓN DEL PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES

La Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal, establece una serie de medidas de obligado cumplimiento para "garantizar y proteger en lo que concierne al tratamiento de los datos personales, las libertades públicas y los derechos fundamentales de las personas físicas y, especialmente, de su honor e identidad personal y familiar".

El Ayuntamiento de Outeiro de Rei, en tanto gestor del fichero creado como consecuencia del cumplimiento de sus funciones legalmente encomendadas de formación del Padrón Municipal de Habitantes, pretende con la presente disposición adaptar su gestión al nuevo marco legal protector del derecho fundamental de la intimidad.

En virtud de lo expuesto, se dispone:

Artículo 1. Se crea el fichero de datos de carácter personal "Padrón Municipal de Habitantes automatizado del Ayuntamiento de Outeiro de Rei", que se regula en el anexo de la presente disposición, en los términos y condiciones fijados en el artículo 54 del Real Decreto 1.720/2007, de 21 de diciembre.

Art. 2. Se crea el fichero no automatizado de datos de carácter personal "Padrón Municipal de Habitantes no automatizado del Ayuntamiento de Outeiro de Rei", que se regula en el anexo a la presente disposición, en los términos y condiciones fijados en el artículo 54 del Real Decreto 1.720/2007, de 21 de diciembre.

Art. 3. Las medidas de seguridad para la protección de datos personales contenidos en el fichero informatizado que se crea serán las establecidas en el Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal.

ANEXO I

Fichero "Padrón Municipal de Habitantes automatizado del Ayuntamiento de Outeiro de Rei"

1. Órgano responsable del fichero: Alcaldía del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.

2. Unidad ante la que pueden ejercitar los derechos de acceso, rectificación y cancelación, por parte del afectado: Secretaría del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.

3. Denominación y descripción del fichero:

a) Denominación: "Padrón Municipal de Habitantes automatizado del Ayuntamiento de Outeiro de Rei".

b) Descripción: Registro de población del municipio, documento básico para efectos administrativos y prueba